



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agüete, Pilar
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^a
González Crespán, Araceli
González Pillado, Esther M^a
Montero Muñoz, María

DESCULPA ASISTENCIA

Barreiro Blas, Antonio

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 23 de abril de dous mil oito ás 13:00 horas en primeira convocatoria e ás 13:30 horas en segunda.

O **mércoles**, día **23 de abril de 2008**, ás **13:30** horas, na Sala de Xuntas reitoría, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 8 de abril de 2008.
2. Aprobación, se procede, da proclamación provisional de candidaturas nas eleccións a membros do Claustro polo sector de estudantes.
3. Aprobación, se procede, da proclamación provisional de candidaturas nas eleccións a membros dos Consellos de Departamentos polo sector de estudantes.
4. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 8 de abril de 2008.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Aprobación, se procede, da proclamación provisional de candidaturas nas eleccións a membros do Claustro polo sector de estudantes.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que o artigo 19 do Regulamento de eleccións a membros do Claustro polo sector estudantes establece que corresponde á Comisión Electoral a proclamación provisional de candidaturas nas eleccións a membros do Claustro.

Non habendo ningunha incidencia que destacar, aprobase o listado que se presenta como **anexo I** coa inclusión e exclusión provisional de candidatos.

Punto 3. Aprobación, se procede, da proclamación provisional de candidaturas nas eleccións a membros dos Consellos de Departamento polo sector de estudantes.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que o artigo 15 do Regulamento de eleccións a membros dos Consellos de Departamento polo sector estudantes establece que corresponde á Comisión Electoral a proclamación provisional de candidaturas nas eleccións a membros dos Consellos de Departamento.

A presidenta da Comisión sinala que hai dúas incidencias, unha relativa á exclusión da alumna Nuria Sánchez Otero que non especifica na súa candidatura a que departamento se presenta. A outra incidencia é máis complicada e se refire a un erro informático que fixo que os alumnos matriculado en materias pertencentes ao Departamento T15 (Informática), aparezan adscritos ao Departamento T09 (Linguaxes e sistemas informáticos), que desapareceu por acordo de Consello de Goberno de 20 de xuño de 2000. Ante isto propónse á Comisión Electoral que, aos efectos electorais, todos os alumnos que nos censos electorais aparecen matriculados en materias adscritas ao departamento T09 “Linguaxes e Sistemas Informáticos” se consideren matriculados no departamento T15 “Informática”.

Apróbase esta proposta.


Non habendo máis incidencias, apróbase o listado que se presenta como **anexo II** coa inclusión e exclusión provisional de candidatos.

Punto 4. Rogos e preguntas.

O Sr. Fernández roga que o día despois da xornada electoral se conceda un tempo de licenza aos membros das mesas como se ven facendo nas derradeiras eleccións.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:45 horas do día 23 de abril de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da comisión electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da comisión electoral



Esther M^{te} González Pillado